

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

Orde do 6 de novembro de 2009 de modificación dos artigos 4º.1 e 17º.1 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008 (Diario Oficial de Galicia do 19 de febreiro de 2009), pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego (código de procedemento IN224A).

Pola Orde do 31 de decembro de 2008 aprobáronse as bases reguladoras para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego, e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2009.

Nos artigos 4º.1.3 e 17º.1 da devandita orde establécese que os/as solicitantes da subvención para a adhesión á Rede de Comercio Rural Galego adquiren o compromiso de presentar a xustificación do investimento ata o 30 de novembro de 2009 e que, para cobrar a subvención concedida, o/a beneficiario/a deberá presentar a documentación sinalada no precepto citado en segundo lugar, tendo de prazo para presentala ata a referida data.

Tendo en conta o atraso producido na resolución das solicitudes de concesión das devanditas subvencións, motivado polo volume delas presentadas e polo longo proceso de avaliación, e co fin de viabilizar os procesos de xestión e dado que non se causa prexuízo a terceiros, procede modificar os referidos preceptos.

Na súa virtude, facendo uso das facultades que me confiren os artigos 38, 43.3º e 44 da Lei 1/1983,

do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e demais disposicións de xeral aplicación,

DISPOÑO:

Artigo único.- Modificación dos artigos 4º.1 e 17º.1 do anexo I da orde da Consellería de Innovación e Industria, do 31 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a pequenos comerciantes ou promotores de comercios no rural que se adhiran á Rede de Comercio Rural Galego (código de procedemento IN224A).

Os artigos 4º.1 e 17º.1, primeiro parágrafo da referida orde quedan redactados nos seguintes termos:

«Artigo 4º.-*Compromisos dos/as solicitantes.*

Os/as solicitantes da subvención para a adhesión da Rede de Comercio Rural Galego adquiren os seguintes compromisos:

(...)

3. Presentar a xustificación do investimento ata o 9 de decembro de 2009.

Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

1. Para cobrar a subvención concedida, o/a beneficiario/a deberá presentar a seguinte documentación nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria, en orixinal ou copia compulsada, tendo de prazo para presentala ata o 9 de decembro de 2009:

(...».

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 6 de novembro de 2009.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria